

## **BASES PARA A CONTRATACION LABORAL DE 1 PRAZA DE PERSOAL LABORAL EVENTUAL, ANO 2010.**

---

1ª.- O obxecto destas bases é a contratación laboral eventual de 1 praza de peón para mantemento e vixiancia da piscina, incluída no cadro de persoal laboral eventual de 2010, polo período do 15-06-2010 ao 14-09-2010.

A oferta desta contratación laboral eventual, está baseada nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores, Lei 12/2001, do 9 de xullo (BOE 10-07-2001) e Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o tempo de contratación é de tres meses (do 15 de xuño ó 14 de setembro de 2010).

As retribucións serán as establecidas no convenio colectivo de aplicación de construción da provincia de Pontevedra.

2ª.- As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- b) Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3ª.- Os interesados presentarán as solicitudes dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9 a 14 horas, no prazo de OITO DIAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no boletín oficial da provincia.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante.

**4ª.-** Na selección valoraranse os seguintes méritos:

1.- Servicios prestados en postos similares, ata a data do anuncio desta convocatoria no boletín oficial da provincia, asignándolle unha puntuación de 0,30 puntos por mes traballado, ata un máximo de 5 puntos.

2.- Cargas familiares, 0,5 puntos por membro da unidade familiar, máximo 2 puntos

a) Declaración da renda da unidade familiar.

b) Certificación dos membros que compoñen a unidade familiar.

3.- Por antigüidade de inscrición na oficina de emprego, 0,1 puntos por mes, máximo 1,2 puntos.

4.- A condición de minusvalía que non afecte ó desempeño do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos.

**5ª.-** A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:** D. Herminio M. Diz García, Aparellador Municipal

**VOCAIS:** D. Vicente Silva Conles, Administrativo-Tesoureiro e Don Gumersindo Calvo Rey, Auxiliar Administrativo.

**SECRETARIO:** D. José Ramón Pose Barrigón, Secretario do Concello, ou funcionario en quen delegue.

**6ª.-** Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reunan as condicións esixidas a comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación.

No suposto de empate realizarase un sorteo público para determina-la orde de selección.

Efectuándose o nomeamento polo Sr. Alcalde-Presidente e asinándose o correspondente contrato laboral.

**7ª.-** Para o non previsto nestas bases, rexirán como supletorios a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Lei 7/85, de 2 de abril; Real Decreto 781/86, de 18 de abril e demais disposicións concordantes.

Moraña, 20 de abril de 2010  
O ALCALDE

Asdo. José A. Eiras Paz